



## Concello de Pedrafita do Cebreiro

### DECRETO DE APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL POR INTERESE PÚBLICO A ASANOG

D. Gonzalo Bibiano Autrán Castel con DNI 12364707E en calidade de representante de ASANOG, con sede Adva. Barcelona n.º 30 Baixo 15706, localidade de Santiago de Compostela na provincia de A Coruña e con CIF: G-70349360 , en escrito de data 11 de abril de 2025, con RE número 51, complementado con escrito de data 24 de abril de 2025, con RE número 58, presentou solicitude en orde a concesión de subvención excepcional para os gastos de material publicitario remitido a esta entidade.

Visto o informe do Alcalde-Presidente que literalmente di:

“Don José Luís Raposo Magdalena, Alcalde- Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Visto a solicitude de subvención excepcional por interese público presentada por Gonzalo Bibiano Aufran en nome e representación da Asociación de cancro infantil y Juvenil de Galicia (ASANOG) por importe de 800 euros en concepto de material publicitario remitido de data 26 de marzo de 2025 e presentada no rexistro municipal nº 2025-E-RE-51 do 11 abril de 2025, na que se adxunta a factura xustificativa de gastos para os que solicita subvención directa excepcional de interese público así como as declaracións de estar ao corrente nas obrigas tributarias e da seguridade social e que non é debedora por resolución de procedencia por reintegro e co nº 2025-E-RE-58 do 24 abril de 2025 na que se adxunta estatutos da entidade así como certificado bancario.

INFORMO:

Que, visto a solicitude, esta trátase dunha actuación de interese público polo seu carácter social de axuda a familias de Galicia con nenos ou mozos con cancro, dende esta entidade buscamos dar visibilidade a ASANOG, para que as familias deste municipio que o precisen saiban onde buscar axuda, asesoramento e orientación .





## Concello de Pedrafita do Cebreiro

---

Esta asociación por ser de recente creación ata o momento non recibiu do Concello de Pedrafita do Cebreiro ningunha contía, pero a vista da honorable labor que desenrola e a necesidade de dar a coñecer a mesma; e así axudar a nenos e mozos enfermos e ós seus familiares no que precisen, por elo propónse axudar con 800 euros a esta entidade.”

Considerando que aportaron:

- a) Documentos que acreditan a personalidade do beneficiario e a representación de quen actúa en nome do beneficiario.
- b) Declaración xurada de que non dispón de ningunha outra subvención ou ingreso afectado para a actividade de que se trata, outorgada por outro organismo, entidade ou particular e, en caso contrario, importe e organismo que a concedeu de tal maneira que a suma as subvencións obtidas non supere o custe da actividade obxecto de subvención
- c) Declaración de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social
- d) Declaración de que non está incurso en ningunha das prohibicións do artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións
- e) A entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro

Con data do 29/05/2025 a Secretaria Interventora informou favorablemente

No uso das atribucións que me confire a lexislación vixente,

### RESOLVO:

Primeiro.- Declarar o carácter singular e a existencia de razóns que acreditan o interese social e da dificultade de convocatoria pública que xustifica a excepcionalidade deste procedemento de concesión

Segundo.- Esta subvención excepcional ten por obxecto conceder á ASANOG unha subvención por importe de 800 euros con cargo á aplicación orzamentaria 231.48, de conformidade co expediente de solicitude por axuda aos gastos de material publicitario (34 camisetas, 90 bolígrafos e 10 lapis)

Terceiro.- O presente acordo haberá de ser exposto no Taboleiro de Anuncios da Corporación, por espazo de 15 días hábiles.





## Concello de Pedrafita do Cebreiro

---

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, con indicación expresa da aceptación da subvención que se concede se, no prazo de 5 días contados a partir da notificación, non se opuxera á mesma.

Quinto.- O presente acordo é un acto administrativo que pon fin á vía administrativa, tal e como establece o artigo 114 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Ordénao e asínao o sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción no libro de resolucións, aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade. Na data da sinatura electrónica á marxe.

O Alcalde

A Secretaria interventora

José Luís Raposo Magdalena

María García Ferro

